

# Folla para pensar como aprender as Linguas



QUE TEMA TRABALLAMOS? (TÍTULO):

## 1 QUE SABEMOS DO TEMA? (ACTIVAMOS OS NOSOS COÑECEMENTOS). 10 MIN.

- Non podedes abrir o libro. Facede unha choiva de ideas, que sabedes deste tema?
- Abride o libro e anotade os apartados xerais do tema.
- Ver os apartados xerais, lembrouvos algo? Que vos lembrou?

## 2 REPARTIMOS O TRABALLO ENTRE OS EQUIPOS. 5 MIN.

- Reúnenos os representantes de tódolos equipos para repartir os distintos apartados do tema.

## 3 FACÉMONOS UNHA IDEA XERAL DO APARTADO QUE NOS TOCOU. 5 MIN.

- Facemos unha lectura rápida do apartado e completamos a seguinte frase: "O máis importante deste apartado é aprender.....".

## 4 POSTA EN COMÚN. 5 MIN.

- Cada representante de cada equipo le en voz alta a frase que elaboraron. Agora todos e todas sabedes cales son os obxectivos que debes perseguir.

## 5 ELECCIÓN DA ESTRATEXIA. 5 MIN.

- Qué método pode ser mellor para lograr o obxectivo deste apartado? (poden ser varios)  
 Lelo moitas veces  Facer un esquema  Resumir  Practicar con exercicios

## 6 POÑO EN PRÁCTICA A ESTRATEXIA. 10 MIN.

- Entre todos/as, poñedes en práctica a estratexia. Vedes que funciona? Tedes que mellorar ou cambiar a vosa estratexia?

## 7 COMO ME AVALÍO?. 5 MIN.

- Deseñade unha serie de preguntas ou anotade que exercicios pódenvos servir para avaliar o voso coñecemento.